

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 21 DE
MAIO DE 2008**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e un de maio de dous mil oito, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, do EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asisten, con escusa, don Francisco Javier Varela Tejedor e don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albania, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

1º Proposta da concellería delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos de aprobación do proxecto “Mellora da seguridade vial da CP 0102 de Lema a Orto pk. 0+000 ao pk. 2+600. Cambre”, remitido pola Deputación Provincial da Coruña para a súa inclusión no Plan de travesías provinciais 2008-2011

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 16 de maio actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 21 do actual.

A corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado “Mellora da seguridade vial da CP 0102 de Lema a Orto Pk. 0+000 ao Pk. 2+600. Cambre”, redactado polo enxeñeiro de camiños don José P. Gosende Tuñas, cun orzamento de execución por contrata de 363.157,00 euros, e solicitar que, non obstante, se teñan tamén en conta os condicionantes que constan no informe emitido polo enxeñeiro de camiños municipal de data 9 de maio actual.

Segundo: Autorizar á Excma. Deputación da Coruña para executar as obras, que constan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.

Terceiro: Declarar a conformidade do Concello de Cambre coas Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do plan de travesías provinciais 2008-2011, publicadas no BOP 57 de 8 de marzo de 2008.

Cuarto: Declarar a dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto, que segundo o disposto no seu Punto 7. “Expropiacións e servizos afectados” do proxecto, xa son de titularidade da Excma. Deputación da Coruña, obtidos no seu día ao executar o Proxecto denominado “Ampliación e mellora do trazado na CP. 0102 de Lema a Orto (Cod. da obra: 011110005.0),

Quinto: Comprometerse o concello a aceptar a entrega das obras unha vez recibidas pola Excma. Deputación da Coruña, asumindo desde entón os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

Sexto: Delegar no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio que se subscriba entre a Excma. Deputación da Coruña e o Concello de Cambre, en desenvolvemento das bases publicadas no BOP 57, de 8 de marzo de 2008.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia